



MANCOMUNIDADE TERRA DE CELANOVA

Barrio da Ermida, 39/baixo - 32800 - Celanova

Telf/Fax: 988451646

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE EXTINCION DE INCENDIOS E SALVAMENTOS

Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

No uso das facultades outorgadas polo artigo 57 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, a Mancomunidad Terra de Celanova establece a **taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios e salvamentos**, á que se refire o artigo 20.4 k) do referido Real decreto legislativo e que se regulará por esta ordenanza fiscal.

Artigo 2º.- Feito imponible.

1.- Constitúe o feito imponible da Taxa, a prestación dos Servizos de extinción de incendios e alarmas destes, prevención de ruínas, derrubas, inundacións, salvamentos e outros análogos, ben sexa a solicitude de particulares interesados, ou ben sexa de oficio por razóns de seguridade sempre que a prestación de dito servizo redunde no beneficio do suxeito pasivo.

2.- Non estarán suxeitos ao pago da Taxa o servizo de prevención xeral de incendios, nin os servizos que se presten en beneficio da xeneralidade da veciñanza ou dunha parte considerable desta, tales como os prestados en casos de catástrofe ou calamidade pública oficialmente declarada.

Artigo 3º.- Suxeito pasivo.

1.- Son suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que fai referencia o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria, e os usuarios dos inmobles siniestrados que sexan obxecto de prestación do servizo, entendendo por tales, segundo os casos, os propietarios, usufructuarios, inquilinos e arrendatarios de ditos inmobles.

2.- Cando se trata de prestación de servizos de salvamento ou outros análogos, será suxeito pasivo a persoa física ou xurídica e a entidade prevista no artigo 35 da Lei Xeral Tributaria que os solicite, ou en favor da que redunden.

3.- Terá a consideración de substituto do contribuinte, no caso de prestación do servizo de extinción de incendios, a entidade ou sociedade aseguradora do risco.

Artigo 4º.- Responsables.

1.- Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos que correspondan da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala a Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- Exencións subxectivas.

1.-Gozarán de exención subxectiva aqueles contribuintes que estén acollidos aos beneficios da RISGA (Renda de Integración Social de Galicia).

Non procerá en ningunha caso a exención cando o suxeito pasivo estivese amparado por un seguro que cubra os gastos derivados da intervención dos servizos de extinción de incendios e salvamentos da Mancomunidade Terra de Celanova.

Artigo 6º.- Cuota Tributaria.

1.- A cuota tributaria determinarase en función do número de efectivos, tanto personais como materiais, que se empreguen na prestación do servizo, o tempo invertido neste, e o recorrido efectuado polos vehículos que actúen.

2.- A tal efecto aplicarase a seguinte tarifa:

SAÍDA	
Fixo de	100 €

VEHÍCULOS	
Pick-up	50 € /h
BUL 1 (Bomba urbana lixeira)	74€ /h
BUL Fuego (furgón de salvamentos varios)	81 € /h
Halcón (bomba nodriza pesada)	60 € /h
BUL 2 (Bomba urbana lixeira)	64€/h

PERSONAL	
Bombeiro condutor	30€ / h

Xefe de turno	40€ / h
Xefe de servicio	55€/ h

EQUIPOS	
Equipos ERA (Respiración autónoma)	24 €/unidad
Extintores	36€/unidad
Mangueiras e accesorios	15€/tramo
Proporcionador de espuma	32€/ h
Xenerador de electricidade	42€/ h
Detector de gases	35€/ h
Bomba de achique	45€/h
Equipo de rescate altura / subsuelo	50€/h
Trípode rescate	36€/h
Cámara térmica	55€/h
Equipo de excarceración	85 €/h
Torre de iluminación	44 €/h
Equipo de ventilación	42 €/h
Tráctel, coxín de baixa presión, motoserra	36 €/h

MATERIAL	
Recarga Aire Comprimido ERA	12€/unidad
Espumóxeno	10€/ litro
Deterxente Absorbente	10€/ kg
Aerosol antiavispa	20€/ bote

SERVICIOS ESPECIAIS	
Apertura de portas	150€ (máis recargo por dificultade)
Retirada de niños de vespas	150€ (máis recargo por dificultade)
Desinfección por máquina de ozono	150€
Equipo de drons	300€/hora

Kilometraxe

Kilómetro.....(contabilizado ida e volta)..... 1€ / km

SERVIZOS FORA DA MANCOMUNIDADE

Os servizos efectuados fora do ámbito territorial dos concellos da Mancomunidade Terra de Celanova sufrirán un recargo do 50% sobre a tarifa resultante.

No suposto de solicitude do servizo por un Concello non Mancomunado que teña deudas ca Mancomunidade Terra de Celanova, poderáselle denegar o servizo ata o pago das cantidades adeudadas.

INCIDENTES CON MATERIAS PERIGOSAS

Naqueles incidentes nos que haxa presenza de substancias tóxicas, inflamables, explosivas, etc. en cantidades ou condicións non permitidas polas disposicións legais aplicables, recargarase a tarifa resultante nun 100%.

Artigo 7º.- Devengo.

Devéngase a Taxa e nace a obrigaón de contribuir cando saia do Parque a dotación correspondente, momento no que inicia, a tódolos efectos, a prestación do servizo.

Artigo 8º.- Liquidación e ingreso.

Dacordo cos datos que certifique o Servizo de Bombeiros, os servizos tributarios practicarán a liquidación que corresponda, que será notificada para o seu ingreso directo na forma e prazos sinalados no Regulamento Xeral de Recaudación.

Artigo 9º.- Prestación do servizo fora do ámbito da Mancomunidade

Para a realización de tal servizo *precisarase* autorización da Presidencia. Concederase, en todo caso, cando o servizo o permite e o solicitante satisfaga a cuantía da taxa, calculada con arreglo ao disposto no artigo 6º.

Artigo 10º.- Infraccións e sancións tributarias.

No referente á calificación das infraccións tributarias, así como as sancións que correspondan en cada caso, rexirá o disposto na Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira.- No non previsto especificamente nesta Ordenanza, rexirán as normas da Ordenanza Fiscal Xeral e das Disposicións que, no seu caso, se dicten para a súa aplicación.